

CULTURA TRADICIONAL GALEGA

por **Rocío Carballo Castro**

CULTURA TRADICIONAL GALEGA

A miña avoa materna non se acorda moito do que lle pasou cando era moza, pero será porque xa é moi maior. A pesar diso, contoume bastantes cousas: como traballaba no campo facendo traballos agrícolas cando era unha rapaza, cando mataban ao cocho, as romarías e festas que había no lugar onde naceu e máis dos arredores, os xogos que xogaba cando era pequena que, aínda que non se lembra moito, algo me contou, e tamén das lendas.

TRABALLOS AGRICOLAS

● **A pataca:**

Este traballo o facían a principios de xuño e tardaba noventa días.

O primeiro que facían era regos cun arado, a continuación poñían a sementeira e botábanlle o esterco por riba e logo o abono.

Despois o gradaban cunha grada tirada por dúas vacas. Aos quince días o erguían cun arado e as volvían a gradar, e logo o deixaban ata que nacera.

Logo, despois de esperar quince ou vinte días ata que naceran, se sachaba e se cortaba cun sachiño a herba. Despois cando medraba a herba sulfatábase. Cando as ramas ían secas cortábanse as que non o estaban, e se apañaban mentres as abrían co arado.

Cando xa as tiñan recollidas as botaban nunha palleira e seleccionaban as grandes das pequenas, xa que as pequenas ían para que comeran os cochos.

● **O trigo:**

A terra no que botaban as patacas logo servía para sementar o trigo, pero antes tiñan que arar a terra e quitar o esterco da corte e poñelo na terra en montóns. Cando era a hora de sementar o estendían (para que o trigo fose mellor). Isto facíase no mes de outubro, e pasaba todo o inverno.

Cando o esterco estaba estendido na sementeira do trigo o limpaban. Despois a terra a

sucaban cun arado, e se sementaba o trigo, logo se esperaba todo o inverno sen facer nada, e cando o trigo xa fora grande apañaban a herba. Ao chegar o mes de agosto, que era cando o trigo xa ía curado, sacábase cunha fouciña e o ataban en moños e o medaban en medas.

Levaban o trigo para aira e o volvían a medar co carro e as vacas.

Logo o mallaban cunha máquina e botaban os mollos na máquina e espililaban a palla nun agrade con paus. A continuación o cortaban e o levaban pra facer un palleiro redondo de palla.

(Agardamos poder mostrar a imaxe moi pronto)

Palleiro tradicional galego

• O nabo:

No mes de outubro, despois de recoller o trigo, gradábanse os sucos e se botaba o estercos e os nabos, despois facían regos, e cando fosen grandes os collían pras vacas, cochos, e becerros. Ao saíren as nabizas ou os grelos os collían cando lles facía falta para facer o caldo.

• O maínzo:

Se botaba no mesmo tempo cas patacas pero noutro leiro. A principios de xuño. Facían recos coa axuda das vacas, e logo españaban o estercos por riba do reco que logo quedaba suco. Despois botaban o maínzo e o abono, a continuación gradábase e cando vía que a terra se molaba erguíase, logo volvíase a gradar e cando xa nacera había que sachar (quitar as herbiñas). Despois, cando fose grandíño, amontoábase (facíase o rego pola cal). A miña avoa dixo que despois tiña que poñer dereito algún maínzo, se estaba torto, porque despois de facer o rego podería quedar así.

Ao medrar botaba a espiga e cando iso fose curado a espiga e mais a cana, cortábase e o levaban pra casa, tirábano fora se non chovía e lles quitaban a espiga da cana, o maínzo o escanaban e o levaban ao hórreo. Cando lles facía falta para darlles as galiñas, aos porcos ou pra facer papas de maínzo, o quitaban do hórreo e debullábano, e só cando facía falta pra facer as papas o moían nun muíño de auga.

A MATANZA DO PORCO

Tamén a miña avoa contoume como mataban antes ao porco, que agora e moi distinto como se facía cando a miña avoa era unha rapaza.

Sacaban o cocho do cortello, e o collían dos pes e o metían enriba dunha maseira, logo cando o cocho xa estaba alí, metíanlle o coitelo pola gorxa. Despois fervían auga para quitarlle as sedas (a pel) ao porco, que agora faise co soprete como se mostra na imaxe :

A continuación, colgábase moi alto polos pes de atrás, e cando estaba colgado collían un coitelo e o cortaban como se mostra na seguinte foto:

Logo os órganos metíanos nunha “tina” e as tripas ían lavalas ao río e lle daban a volta para quitarlles a graxa.

Pra o outro día cando o porco estivera frío o partían e o ían a salgar nunha maseira. Despois cando xa pasara as tres semanas o quitaban da maseira e lle quitaban o sal que lle sobra e o colgaban na cociña pra que curase, cando xa ía curado metíano no baño pra que estivera mais curado. Logo, tamén as tripas do intestino delgado do porco, empregábanas para embutir os chourizos, que tiñan que picar a carne a man e moi ben picada, ao non haber picadora neses tempos. Despois cando os chourizos estiveran feitos os ataban e os colgaban na cociña como a carne, e cando xa estiveran curados os metían en graxa, e logo xa se podían comer.

ROMARIAS/ FESTAS

Na aldea onde vivía (Xermade), a festa máis importante era o día quince do mes de agosto, que era a festa da Nosa Señora. Logo en setembro estaba a romaría da virxe dos Dolores, que a xente ía de casa en casa pedindo trigo pra así despois poder vendelo na romaría. Tamén estaba o día de Venres Santo que era unha procesión coa Virxe dos Dolores, e logo xa non había mais festas alí senón nos arredores, que era a Virxe dos Remedios (Codesido), a de Santa Mariña (Cabreiros), o San Roque (Burgas), e o San Miguel (Candamil).

XOGOS

A miña avoa recorda, de cando era nena, que xogaba coas súas irmas a correr unha detrás de outras e a balancearse sobre dúas cordas e un cacho de madeira (carriola). Tamén lembra xogar con monecas de trapo e con monecas coas espigas do maízo.

LENDAS

Non sabe moitas porque tampouco recordaba o que era as lendas, pero a pesar dixo algunha sabía.

• As pegas:

Eses paxaros negros co peito negro, polo que me contou miña avoa, cando cacaraxaban nunha venta era que esa persoa ía a morrer.

Unha vez un veciño da casa onde vivía a miña avoa contoulles que eses paxaros non paraban de cantar na súa ventá, e as poucos días o veciño morreu.

• As visións:

Miña avoa tiña un irmán que a súa muller estaba enferma, e un día cando seu sobriño viña

de traballar de noite ía pra casa (que estaba abaixo dun camiño) ía polo medio do camiño e veu a persoas na porta da casa e tivo tanto medo que colleu e foise. Pasada unha hora, volveu pra casa e xa non estaban, pero aos varios días a nai (a cuñada da miña avoa) morreu e veu a xente que vira na porta facía varios días. Tivo a vision do enterro da súa nai.

- O que caeu do ceo:

Un día o sobriño da miña avoa que vivía con ela, ía camiñando pra ir ao pobo da aldea, e no campo que esta abaixo da casa da miña avoa, veu unha pedra que caía do ceo e cando caeu ao campo veu unha luz branca que alumeou toda a terra e ao día seguinte morreu un señor na terra da miña avoa cun tractor que deu a volta cara abaixo e foi parar alí, onde o sobriño da miña avoa vira unha pedra caendo do ceo e a luz branca. A miña avoa cando o veu foi a axudalo, pero non puido facer nada, xa estaba morto.

Todo isto foi o que lle ocorreu a miña avoa na súa vida.